

BASES POXA CAFETERÍA

DO CENTRO SOCIAL E CULTURAL DE ATIOS

- A cafetería do Centro Social e Cultural de Atios xestiónase en réxime de alugueiro. O contrato de arrendamento terá unha vixencia de 2 anos, a partir dos cales pode suscribirse unha única prórroga por igual período ou abrir una nova poxa.
- O prezo de saída das ofertas é de 100 euros. Á cota de arrendamento haberá que aplicarlle o IVE e o IRPF correspondentes.
- Valorarase a oferta económica, pero tamén a experiencia en hostelería e a proposta de negocio.
- Corren por conta da parte arrendataria todos os gastos derivados do propio negocio: luz, mercadorías e servizos; así como as licenzas e permisos necesarios para desenvolver a actividade.
- A cafetería está dotada con neveiras, lavalouzas, cociña, quentador de auga, fregadeiros, campá extractora, aire acondicionado, así como mobiliario de hostelería (mesas, cadeiras, barra, etc.). Conta tamén cunha terraza exterior cuberta, un asadeiro, parque infantil e pista de xogos, xardín e un amplo aparcadoiro.
- Os equipos de televisión, sonido e comunicación corren por conta da arrendataria, así como as taxas e impostos derivados do servizo que desexe ofrecer. O centro social dispón de rede wifi propia.
- Corren por conta da arrendataria os gastos de reparación da maquinaria e mantemento dos electrodomésticos derivados do uso dos mesmos. A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Atios asume os impostos e taxas correspondentes á propiedade, así como os custos derivados do mantemento da estrutura do establecemento.
- Horario mínimo do establecemento: apertura ás 11:00 hs, os días laborables, e ás 10:00 hs, as fins de semana e festivos. Peche: á 01:00, en outono e inverno, e ás 02:00, en primavera e verán. En todo caso deberá axustarse á normativa vixente.

- O arrendatario comprométese a manter en correctas condicións de hixiene todo o establecemento. Asumirá tamén a limpeza dos espazos comúns do centro social: entrada, escaleiras e baños.
- **As ofertas deberán presentarse antes das 21:00 hs do día 12 de decembro de 2019. De seguido, abriranse os sobres en presenza dos ofertantes. A xunta reitora, despois de avaliar as distintas opcións, comunicará a oferta seleccionada.**

Teléfono de información: 606 96 81 35